

Tereixa Navaza e Ana Romaní

ALFONSO ÁLVAREZ CÁCCAMO

Coñecín a Tereixa Navaza hai exactamente dez anos. Con motivo da publicación da súa primeira novela *Peito de vímbio*, entrevis-tárame nun programa da TVB en Galicia, cando ainda tiña o seu lo-cal na Praza do Obradoiro. Tratábase da primeira vez que eu acudía a un lugar tan grave, e fá morto de medo, pero nada máis intercam-biar as primeiras palabras, fiquei prendado da súa personalidade e profesionalidade. Os nervios axiña desapareceron mercé ao dominio intelixente do medio no que se de-senvolvía pero, sobre todo, á parti-cular naturalidade que sabía trans-mitir ás cámaras. Meses despois foi castigada ao que no argot dos traballadores de televisión se cha-ma "faer pasillo", que non é ou-tra cousa ca de artellar o traballo de fondo para o lucimento de ou-tros. A única cámara da que lle deixaeron gozar, foi a que a cotío nos predicía o tempo climatolóxi-co, noble profesión que respecto, pero por debaixo da súa vocación intelectual e profesional. O pecado cometido foi o de non ter ocultado nunca a súa ideoloxía nacionalista. Grave pecado.

Pasaron os anos e o mal segue. Outra gran periodista, e magnífica poeta, Ana Romaní, que aínda dirixe o Diario Cultural da Radio Galega, ve agora como o seu pro-grama cotián, cita incondicional para os que amamos a literatura, o cine, o teatro, a pintura que se fai en Galicia e fóra dela, padece unha severa reducción horaria e pasa de noventa minutos a só trinta. Ade-máis, sicou soa porque lle suprimi-ron o equipo de colaboradores. O programa de Ana transmite cultu-ra, o opio do pobo que non quere ser idiota, algo que o poder auto-nómico necesita manter controla-do. Parece ser que o perezvaleri-smo prefiro transmitir succédáneos baratos nunha liña recta que vai desde o Monte do Gozo ata o platô da incombustible Ana Kiro, con K. De seguir así as cousas, veremos un dos insoportables dramas de Echegaray representado polo Cen-tro Dramático Galego. As bases para facelo xa están postas.